



Expte. 1042/106

**PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES
PARA O CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN
EN RÉXIMEN DE ALUGUER DE ELEMENTOS
DECORATIVOS DE ALUMEADO NAVIDEÑO**

CLAUSULA 1.- OBXECTO.

O presente prego ten por obxecto especificar as condicións técnicas que regularán o subministro, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos luminosos decorativos navideños que lucirán en diversas rúas e prazas públicas da cidade de Vigo.

CLAUSULA 2.- DESCRIPCIÓN DO SERVIZO.

2.1.- Instalaciones

2.1.1.- Características xerais.

O adxudicatario realizará as instalacións decorativas nos espazos e rúas que determine o Concello de xeito que se repartan os motivos luminosos ofertados atendendo a criterios estéticos co maior alcance posible. Todas as instalacións cumprirán co Regulamento electrotécnico de Baixa Tensión, o Real Decreto de Eficiencia Enerxética e a Ordenanza Municipal de Alumeado Público.

As instalacións realizaranse en tendido aéreo mediante cableado que deberá retirarse totalmente no periodo de desmontaxe. Estas deberán estar avaladas por un certificado de obra asinado por técnico competente, en especial no referente aos requirimentos eléctricos e de sustentación mecánica, que será entregado ao Concello cando o determine o Prego de prescricións administrativas particulares.

O adxudicatario debe asegurar unha eficaz e permanente dispoñibilidade do servizo durante as 24 horas do día no período de funcionamento do alumeadado, sendo pola

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeadado ornamental decorativo navideño.

Ref: V20140908



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 1042/106

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 1 de 13

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento, utilizando o código QR, da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



súa conta a substitución de todos os elementos avariados ou que non cumpran as especificacións.

A empresa adxudicataria terá dereito a esixir a non intervención nas instalacións da súa competencia de terceiras persoas durante o período do contrato, salvo inspección dos Servizos técnicos municipais e persoas ou entidades autorizadas por estes.

2.1.2.- Subministro enerxético.

A enerxía tomaráse das liñas xerais da Compañía eléctrica á tensión 400/230V, solicitándose a esta un punto de enganche.

Para elo, a empresa adxudicataria do contrato deberá realizar as solicitudes de acometida eléctrica na compañía subministradora, entregando previamente unha memoria técnica e o certificado de instalación ("boletín") na Delegación da Consellería de Industria. Os custes que xeneren estas accións serán pola súa conta.

Quedan excluídos do presente contrato os gastos derivados do consumo de enerxía eléctrica dos elementos instalados, que correrán por conta do Concello de Vigo unha vez dadas de alta e legalizadas as respectivas instalacións.

2.1.3.- Liñas.

O tendido será aéreo, dividíndose en sectores e por circuitos separados. En cada zona existirá un cadro de mando e proteccións que distribuirá cara as rúas adxacentes segundo a potencia instalada. As liñas de acometida aos cadros partirán do punto de enganche da compañía subministradora. Os conductores serán aillados e coa sección suficiente para cumprir coa intensidade e a porcentaxe de caída de tensión máxima admisible, respetando en todo caso a normativa vixente nesta materia.

2.1.4.- Cadros eléctricos

Disporanse por zonas e incluírán interruptor xeral automático de corte omnipolar para alumado que permita o accionamento manual. Estarán dotados de dispositivos de protección contra sobrecargas e cortocircuitos mediante interruptores magnetotérmicos, e

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Paxina 2 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



03 OCT. 2014

Expte. 1042/106

contra contactos indirectos por interruptores diferenciais de sensibilidade acorde a cada caso. Disporán tamén de reloxo astronómico para o control automático do acendido e apagado dos elementos decorativos.

O cadro estará no Centro de Cargas para manter o equilibrio de fases da instalación, e nun lugar accesible soamente ao personal de servizo da empresa instaladora, da empresa subministradora e aos servizos técnicos municipais. Terá as características axeitadas de estanqueidade e protección (IP e IK) para a instalación na intemperie e contra actos de vandalismo.

2.1.5.- Elementos decorativos.

Os elementos decorativos a instalar serán de dous tipos: arcos luminosos transversais e motivos luminosos adosados. A cantidade subministrada de cada un deles neste contrato, será cando menos a indicada no prego de prescricións administrativas particulares.

A fixación dos motivos luminosos que se instalen adosados aos puntos de luz existentes, farase mediante ancoraxes e outros elementos que non danen as farolas.

No caso dos Arcos luminosos transversais, sustentaranse mediante os soportes existentes sen perforar novos ancoraxes. Cando isto non sexa posible, presentarase aos responsables municipais outra solución técnica para a súa aprobación.

A iluminación deberá ser de tipo "LED", pero se permite a utilización puntual de fontes luminosas de baixa potencia unitaria como microbombillas, fío luminoso con microbombillas ou minilámparas de alta eficiencia. Queda prohibido expresamente o uso de lámparas incandescentes de potencia superior a 15 W.

As características técnicas xerais dos elementos luminosos a instalar serán:

- Iluminación por "LED's" superbrillo de alta luminosidade.
- Vida útil do led 10.000 horas.
- O perfilado do bastidor farase con fío luminoso Led superbrillo e os detalles de recheo con micro-Led.
- Temperatura de cor: Luz fría.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 1042/106

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 09/09/2014 11:40

Páxina 3 de 13

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C



03 OCT. 2014

Expte. 1042/106

A Secretaría de Gobierno local.

- e) As cores serán cando menos: branco e branco cálido, azul e outro.
- f) Elementos aptos para instalación no exterior (elementos estancos).
- g) Estructura de aluminio reforzada, que provea ao conxunto da resistencia suficiente a golpes e vibracións.
- h) Alimentación por cable de goma GS/CE IP44 para uso exterior.

Ademáis do anterior, os motivos luminosos decorativos a adosar en farola ou en fachada requirirán:

- i) Marco de protección en lateral e parte superior.
- j) Dimensións mínimas: 2,5m x 1,5m.
- k) Suxeición de aceiro inoxidable adaptada para cada tipo de farola.
- l) Cada motivo contará con dobre abrazadeira.
- m) Protección especial de goma para evitar danos nas farolas.

Os Arcos decorativos deberán cumprir no seu caso:

- n) Estarán dotados de marco de protección.
- o) Dimensións mínimas: 5m x 1,5m.
- p) Suxeccións de aceiro inoxidable.

2.2.- CATÁLOGO de elementos decorativos.

Cada licitador presentará xunto coa súa oferta un Catálogo de elementos decorativos do que o Concello seleccionará os modelos que conformen a decoración luminosa das rúas obxecto deste contrato. Todos os elementos propostos no catálogo cumprirán as características referidas neste prego segundo o seu tipo (arco ou motivo), pero en especial deberán cumprir as especificacións referidas ás dimensións e cores.

O catálogo incluírá explicitamente para cada modelo as dimensións e forma exteriores, o debuxo ou figura que represente e as cores de cada parte, de xeito que sexan perfectamente identificables para unha correcta selección.

O catálogo incluírá cando menos un modelo de arco e outro de motivo para cumprir co especificado neste prego, pero se hai máis de un, o adxudicatario estará en disposición de subministrar ao inicio do contrato un número igual á metade do requerido

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40

Páxina 4 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



no prego para cada tipo de elemento (arcos e motivos). Se somentes hai un, entón deberá estar en disposición de subministrar a totalidade dos esixidos para ese elemento.

Non se debe confundir esta cantidade de elementos dos que o adxudicatario debe estar en disposición de subministrar ao Concello ao inicio do contrato, co Stock de Seguridade do que o adxudicatario debe dispoñer de xeito efectivo no seu almacén ao final do período de montaxe e durante todo o período de acendido.

2.3.-Stock de seguridade

O contratista deberá dispor ao inicio do período de probas, e mantelo durante todo o periodo de acendido, dun stock de seguridade de elementos idénticos aos subministrados no contrato (non dos propostos no catálogo), para facer fronte ás substitucións que sexan precisas durante todo o período de acendido do alumeado ornamental navideño. Este stock será en total cando menos igual á porcentaxe (%) requerida no Prego de cláusulas administrativas particulares, sumando arcos e motivos.

O stock comporase de unidades idénticas ás realmente instaladas na cidade, de xeito que todos os modelos teñan o mesmo número de elementos a disposición.

Se “p” é a porcentaxe do stock de seguridade (en tanto por cento), “a” o número mínimo requerido no prego para os arcos, “b” o número mínimo requerido no prego para os motivos e “n” o número de modelos diferentes instalados na cidade (arcos e motivos), o stock para cada modelo instalado “s_i” será a parte enteira máis unha unidade do número que resulte da operación correspondente. Así:

$$s_i = E[(a+b) \cdot p/100/n] + 1$$

de xeito que o stock total será: $S = \sum s_i$

O stock de seguridade estará fisicamente accesible no lugar que o contratista teña a tal efecto conforme ao requerido no prego administrativo do contrato, e será revisado polos técnicos municipais no período de probas e en calquera outro momento do período de acendido.

2.4.-Porcentaxe de lucimento no período de funcionamento.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.





Defínese como porcentaxe de lucimento [L] de cada elemento decorativo de iluminación navideña (arco ou motivo), ao cociente entre o número de unidades "LED" que efectivamente lucen [k] e o número de LED's totais do elemento [z], multiplicado por cen.

$$L = (k/z) \cdot 100$$

Esixírase ao contratista que o 100% dos elementos decorativos instalados ao aveiro deste contrato estén en correcto funcionamento no horario que o Concello determine para cada día do período de acendido. Cada elemento considerárase en funcionamento correcto cando manteña unha porcentaxe de lucimento [L] do 90%, sendo avaría en caso contrario.

CLAUSULA 3.- CONDICIÓN DA INSTALACIÓN E POSTERIOR RETIRADA DOS ELEMENTOS DECORATIVOS.

1. A empresa adxudicataria realizará ao seu cargo todas as instalacións necesarias para prestar o servizo contratado que se indica neste prego. O proceso de montaxe contemplará o acopio, transporte, carga, descarga e instalación dos elementos decorativos subministrados, así como todos aqueles elementos auxiliares que permitan o seu correcto funcionamento. O proceso de desmontaxe será o inverso.
2. En especial, deseñará e instalará todas as redes de distribución de enerxía, cadros eléctricos e acometidas, así como tamén os elementos mecánicos como apoios, crucetas, ventos, tirantes, etc., que sexan precisos para a correcta sustentación dos arcos, observando cantas medidas de seguridade sexan precisas, en especial sobrecargas de uso admisibles, coeficientes de seguridade, etc, para que todos os elementos queden correctamente ancorados sen que supoñan ningún risco para as persoas ou bens.
3. As condicións de instalación serán tales que o punto máis baixo do elemento decorativo colocado, tanto arcos coma motivos, quedará cando menos a catro metros e medio (4,5m) elevado sobre a calzada.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.




Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 6 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D6C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



4. Para realizar a instalación e posterior retirada, o contratista solicitará todos os permisos e autorizacións necesarias, empregará a maquinaria e personal suficiente para minimizar as molestias aos cidadáns e garantirá a máxima seguridade vial posible.
5. Os traballos realizaranse preferiblemente en horario nocturno salvo autorización expresa do Concello. Deberá acotarse completamente a zona de actuación con valado de obra suficientemente estable, consistente e perfectamente aliñado, mantendo este balizado e visible. Colocaranse a cantidade suficiente de sinais e medios de protección para evitar accidentes tanto do seu propio persoal como a terceiros, sendo o contratista o único responsable por este motivo.
6. O personal e os vehículos da empresa adicados a este proxecto, irán convenientemente identificados e rotulados mediante anagramas visibles nos que se indique a lenda: "CONCELLO DE VIGO, ALUMEADO DE NADAL 2014".
7. No período de probas, o contratista realizará todas aquelas que estime necesarias así como as que lle esixan o responsable do contrato e o director técnico do proxecto, que velarán pola correcta colocación e funcionamento de todo o material instalado. Os Técnicos Municipais verificarán xunto co contratista as probas realizadas ata quedar de acordo coas esixencias previstas no presente prego e demais normativa vixente.
8. Todos os materiais empregados serán da máxima calidade, cumprindo coa normativa vixente e homologados polos organismos correspondentes cando sexa preceptivo.
9. Cando o determine o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, o contratista entregará no Concello copia de toda a documentación asociada á legalización das instalacións así como un documento resumo que incluíra un dossier fotográfico das actuacións executadas.
10. Durante o período de desmontaxe, eliminaranse todos os elementos da instalación salvo aqueles que consensuadamente coa empresa, consideren os técnicos municipais que non molesten e sirvan para futuros exercicios. Será obrigatoria e pola súa conta, a correcta xestión dos residuos xenerados en todo o proceso.

CLAUSULA 4.- SERVIZO DE GARDA.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 1042/106

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 7 de 13
Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC3B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



03 SET. 2014

Expte. 1042/106

A Súa Xefatura de Goberno local.

No período de acendido, incluíndo os festivos e en especial as noites dos días 24 e 31 e a tarde do día 5 de xaneiro, o contratista estará obrigado a manter un servizo de garda de 24 horas ao día, atendido por un retén con persoal, vehículos e ferramentas suficientes para atender as avarías que se produzan.

O retén de garda será quen de reparar as avarías detectadas ou avisos sexa cal sexa a súa natureza (incluso descolgados, caídas ou desorientación dos elementos), e substituír as figuras que non cumpran coa porcentaxe de lucimento, para o que estará dotado dos medios técnicos e os vehículos axeitados para os cometidos descritos, en especial de vehículos cesta e grúa para traballos en altura.

O persoal do retén de garda disporá dunha liña de teléfono móbil propio para recibir avisos e comunicar incidencias, que estará operativo as 24 horas do día.

4.1.- Tempos de intervención e reparación

O servizo de garda realizará a reparación de cantas avarías se produzan e/ou defectos se detecten, comprometéndose a intervir, chegando ao punto da avaría, nun tempo non superior a unha hora despois de recibido o aviso, e a ter reparada esta ou substituído o elemento no tempo non superior a catro horas despois da recepción do aviso. Non se define coeficiente de simultaneidade polo que estes tempos serán os mesmos independentemente do número de avarías simultáneas que se produzan.

Os elementos substituídos serán repostos sempre por outros do mesmo modelo e características que o orixinal, quedando expresamente prohibido calquera modelo diferente ou de características inferiores sen a autorización expresa dos Servizos Técnicos Municipais.

CLAUSULA 5.- MANTEMENTO DE EQUIPOS.

Defínese “mantemento” como o conxunto de operacións e coidados precisos para que as instalacións de alumeado navideño obxecto deste contrato poidan funcionar axeitadamente de maneira continuada.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 8 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Neste sentido realizarase diariamente a revisión do funcionamento da instalación incluso a verificación do horario de acendido e apagado, a fin de manter o alumeado en correcto funcionamento e co mínimo consumo enerxético.

O servizo de mantemento será quen de inspeccionar todos os elementos en horario nocturno para acadar este obxectivo.

Os traballos de mantemento deberán realizarse conforme ao especificado no Plan de mantemento recollido como Anexo a este prego, para que as instalacións permanezan en perfecto estado de funcionamento durante o período de acendido.

CLAUSULA 6.- RELACIÓN DE RÚAS E INSTALACIÓNS.

Previamente ao inicio do período de montaxe, o Concello indicará ao contratista cales son as rúas e espazos públicos nos que será responsable de instalar, desinstalar e manter en perfecto estado de funcionamento e conservación os elementos de alumeado decorativo navideño que ofertou.

Indicaráselle cales dos propostos no seu catálogo son os elementos luminosos a colocar en cada caso. Especificarase a interdistancia obxectivo, o número de detalles mínimos que se requiran acorde coa amplitude e coas medidas da rúa, así como os demais aspectos necesarios para deseñar a instalación.

O deseño final e a legalización, así como o proxecto mecánico e eléctrico no tocante a soportes, ancoraxes, alimentación eléctrica, disposición de cadros de mando e protección, liñas eléctricas, etc. serán responsabilidade do contratista.

A empresa será a responsable de colocar os elementos luminosos conforme ao solicitado polo Concello, e alimentalos con acometidas e liñas eléctricas independentes das da rede de alumeado público.

Conforme ao especificado no Prego de prescricións administrativas particulares, o Contratista entregará ao responsable do contrato un informe no que se especifiquen as cantidades exactas de cada modelo dos motivos instalados e os lugares que ocupan cada un deles, que incluírá unha reportaxe fotográfica ilustrativa.

Prego Técnico para o suministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 1042/106

Data Impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 9 de 13
Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC9B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



03 OCT. 2014

A S.º de Goberno local
R.O.

Expte. 1042/106

CLAUSULA 7.- DANOS SOBRE AS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO ORNAMENTAL NAVIDEÑO

As instalacións de alumeado decorativo navideño obxecto do contrato, son subministradas en réxime de aluguer ao Concello de Vigo, pero este non se responsabiliza en ningún caso dos danos que sobre elas se poidan producir.

Será responsabilidade do contratista realizar un axeitado programa de mantemento para conservalas en perfecto estado tal como se esixe neste prego, pero tamén se lles poden provocar danos por terceiros ou por causas de forza maior. En ningún destes supostos poderá reclamarse os danos contra o Concello de Vigo, sendo o Adxudicatario o responsable de protexerse nestes casos polos medios que en dereito estime convenientes.

Serán por conta do adxudicatario as reclamacións contra terceiros por danos producidos sobre as instalacións obxecto do contrato como propietario das mesmas. O Concello colaborará coa empresa na medida das súas posibilidades para identificar ao causante dos mesmos.

En todo caso, independentemente das accións legais que procedan e as indemnizacións ás que houbera lugar, a empresa deberá reparar e substituír os elementos danados para repoiñer o servizo nas condicións establecidas neste prego.

BC/..

Asinado dixitalmente polo Xefe do Servizo de
Comercio, encomendado ao Enxeñeiro Municipal, D.
Benjamín Collazo Rodríguez, na data que figura ao
marxe

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Paxina 10 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



1042/106
10/09/2014
Expte. 1042/106

Expte. 1042/106

ANEXO.-

PLAN DE MANTEMENTO

O plan de mantemento describe as tarefas e o alcance das operacións a desenvolver sobre as instalacións de alumeado ornamental decorativo navideño durante a prestación do servizo. Inclúe as labores de revisión e vixilancia e a reparación de avarías para acadar o máximo rendemento e seguridade na explotación das instalacións.

O mantemento incluírá comprobacións, substitucións e probas de elementos, equipos e instalacións, incluso que obriguen a efectuar desmontaxes, axustes, regulacións, limpeza e cantas manipulacións se requiran para que todas as instalacións e motivos decorativos navideños obxecto deste prego teñan un correcto funcionamento e cumpran coas especificacións aquí contidas, as esixencias do Servizo Técnico Municipal e as recomendacións dos fabricantes dos equipos.

As operacións de mantemento pódense clasificar, segundo a motivación que provoca a intervención, en operacións de mantemento preventivo e correctivo.

1.- Mantemento preventivo.

Dentro do mantemento preventivo existen dous tipos de actuacións, as que se realizan de xeito continuo e as que se programan periodicamente.

1.1.- Mantemento preventivo de xeito continuo.

Enténdese como procedemento de mantemento preventivo de xeito continuo, aquelas tarefas de revisión do funcionamento así como aquelas outras accións que se deban realizar unha ou varias veces ao día que non teñen periodicidade fixa senon que deber realizarse con suficiente asiduidade para garantir a detección e subsanación con anticipación dos posibles fallos. Estas actuacións poden ser inspeccións, verificacións funcionais e revisións periódicas que poden incluír substitucións de elementos desgastados ou danados non reparables.

Este mantemento preventivo de xeito continuo será realizado polo contratista que deberá realizar cando menos tres rondas a todas e cada unha das instalacións de alumeado navideño obxecto deste prego, consistindo en:

Prego Técnico para o suministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 1042/106

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 11 de 13
Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



09 OUT. 2014

Expte. 1042/106

- a) Unha ronda diaria, realizando inspección visual fora do período de funcionamento das instalacións para verificar o estado de sustentación e posicionamento destas.
- b) Unha ronda diaria á hora de acendido do alumeado navideño, realizando a comprobación do lucimento de todos e cada un dos elementos.
- c) Unha ronda diaria á hora do apagado comprobando a corrección deste, para evitar consumos excesivos e innecesarios.

Para as festas de noiteboa, nadal, fin de ano, primeiro de ano, véspera de reis e día de reis, o servizo disporá dos mesmos medios que o resto dos días do período de acendido, para atender ás instalacións nos mesmos tempos de resposta e de reparación obrigados no prego.

1.2.- Mantemento preventivo programado.

O desenvolvemento do Plan de mantemento implicará a realización dunha serie de operacións de mantemento programadas, que o adxudicatario deberá levar a cabo cando menos coa periodicidade detallada a continuación:

Elemento	Tarefa	Frecuencia
Elementos de alumeado navideño (arcos e motivos)	Revisión dos compoñentes eléctricos asociados aos elementos de luz. Revisión e substitución de unidades led apagadas se é posible, en caso contrario substitución do elemento completo. Limpeza (se fora necesario) do elemento. Comprobación da correcta posición do elemento.	Diaria- cada 24 horas
Soportes dos elementos	Comprobación mecánica dos soportes ancoraxes, tirantes e guías. Comprobación do estado físico dos soportes e accesorios. Pintado dos soportes se fora necesario. Revisión de puntos de ancoraxe.	Diaria- cada 24 horas
Liñas de suministro	Verificación das conexións, continuidade e impedancia das liñas.	Diaria-

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumeado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 12 de 13

Expediente 1042/106

Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



eléctrico		cada 24 horas
Cadro eléctrico	Comprobación do funcionamento dos dispositivos de protección. Comprobación do funcionamento do dispositivo de accionamento (reloxo). Comprobación dos elementos de ancoraxe e de peche do centro de mando.	Diaria- cada 24 horas

2.- Mantemento correctivo.

Defínese como mantemento correctivo, o conxunto de accións ou intervencións necesarias para solventar as avarías que se orixinen nos equipos e/ou instalacións e que deixen a estes, total ou parcialmente, fora de servizo ou funcionando de maneira defectuosa (insuficiente porcentaxe de lucimento, intermitencia, deficiente luminosidad, etc).

No mantemento correctivo repararanse e substituiranse os equipos cuxa avaría se tivera detectado nas fases de mantemento preventivo ou mediante avisos recibidos por outras canles calquera que sexan estas. Os tempos máximos de intervención (ata chegar ao punto da avaría) e resolución (ata restablecer o servizo), quedan definidos nos pregos.

Procurarase reparar "in situ" sempre que sexa posible e isto non afecte á seguridade nin á fluidez do tráfico. Para elo o retén de mantemento irá dotado dos medios e vehículos axeitados, con stock de repostos e instrumentación suficiente.

As roturas ou desperfectos de elementos mecánicos solventaranse sempre coa substitución por outros novos. Tamén serán substituídos os elementos decorativos luminosos con avarías provocadas por deficiente porcentaxe de lucimento, en caso de non ser posible a súa reparación conforme ao especificado no prego.

Prego Técnico para o subministro en réxime de aluguer de elementos de alumado ornamental decorativo navideño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 1042/106

Data impresión: 09/09/2014 11:40 Páxina 13 de 13
Código de verificación: 2CEB3-24D8C-3DC8B-43C3C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

